



Vera Rubin

BIRAVXS

Vera Rubin (1928)

Vera Rubin (1928-) naceu en Filadelfia (EUA) nunha familia xudía de clase media. Dende moi nova xa quedou fascinada polas órbitas das estrelas. Na súa época escolar xa notou as dificultades que lle carrexaría o futuro como muller astrónoma, obstáculo que superou con forza e valentía co fin de acadar os seus soños. Ela denunciaba que xa dende nenas as mulleres sofren discriminación: por exemplo, o seu profesor de física na secundaria ignoraba con desdén as súas alumnas. Estas experiencias temperás fixéronlle buscar un lugar cunha atmosfera máis favorable. Atopou o seu sitio no Vassar College, unha escola situada en Nova York caracterizada, desde a súa fundación en 1865, pola promoción das mulleres en todos os campos do saber. Posteriormente, estudou física en Cornell sobre a distribución das velocidades das galaxias. Cando un científico lle suxeriu que el mesmo presentaría o seu traballo nunha reunión da American Astronomical Society para axudala pola súa recente maternidade, ela rexeitou a oferta. Vera presentou o seu traballo na devandita reunión e os resultados foron tan impresionantes que o *Washington Post* publicou un titular de carácter sexista que rezaba: «Recente nai atopa o centro da creación ou algo parecido». A pesar dos logros científicos acadados, os medios machistas e misóxinos da época quixeron destacar a Vera pola súa condición de «nai».

Ilustración: Marta Riera / marta@martaiera.com

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo